



MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO. ORZAMENTO 2026.

EXPEDIENTE: 175/2025- 156/2025.

Que se formula en cumprimento do artigo 90.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, artigo 126.4 do Texto Refundido aprobado polo R. D. Legislativo 781/86, do 18 de abril, por el que se aproba el texto refundido de las disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, artigo 74 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público e 202.1 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e a vista da proposta da Xerencia de modificación da estrutura organizativa da RPT, aprobada definitivamente polo Pleno do Consorcio en sesión de data 13 de xuño de 2025, coa correspondente implicación no cadro de persoal para o exercicio 2026, coa creación de catro (4) postos de traballo orientados a redimensionar o organigrama do persoal operativo, no Grupo Profesional de Mandos, na categoría de xefes de quenda-condutor/a, coa finalidade da consecución dunha maior eficacia na prestación deste servizo:

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

RELACIÓN POSTOS DE TRABALLO ADSCRITOS Á ÁREA ADMINISTRATIVA

DESCRICIÓN POSTO	DOT (1)	CD (2)	C. ESPECIFICO (3)	P (4)	GR (5)	CP (6)	RX (7)	ESCALA (8)	OBSERVACIÓN S
Secretario/a interventor/a	1	30	26.364,80 €	C	A1	S-I	FHN	HN	
Técnico/a de relacións laborais	1	26	13.154,40 €	C	A1	TS	FC	AE	
Administrativo/a	1	20	8.517,60 €	C	C1	AD	FC	AX	

RELACIÓN POSTOS DE TRABALLO ADSCRITOS Á ÁREA DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS/SERVIZO TÉCNICO-OPERATIVO

DESCRICIÓN POSTO	DOT (1)	CD (2)	C. ESPECIFICO (3)	GR (5)	RETRIBUCIÓN ANUAL	RX (7)	OBSERVACIÓN S
------------------	---------	--------	-------------------	--------	-------------------	--------	---------------

PERSOAL DIRECTIVO

Xerente	1	24	23.940,00 €	A2	49.269,16 €	PD	
---------	---	----	-------------	----	-------------	----	--

PERSOAL OPERATIVO

PARQUE DE BOMBEIROS BUEU

Xefe de parque	2	21	15.736,00 €	C1	35.588,40 €	LF	
Xefe de quenda	6	18	17.617,60 €	C2	34.336,98 €	LF	
Bombeiro-Condutor	16	17	15.713,60 €	C2	32.054,84 €	LF	

PARQUE DE BOMBEIROS PORRIÑO

Xefe de parque	1	21	15.736,00 €	C1	35.588,40 €	LF	
Xefe de quenda	6	18	17.617,60 €	C2	34.336,98 €	LF	
Bombeiro-Condutor	17	17	15.713,60 €	C2	32.054,84 €	LF	

PARQUE DE BOMBEIROS RIBADUMIA

Xefe de parque	1	21	15.736,00 €	C1	35.588,40 €	LF	
Xefe de quenda	6	18	17.617,60 €	C2	34.336,98 €	LF	
Bombeiro-Condutor	16	17	15.713,60 €	C2	32.054,84 €	LF	

PARQUE DE BOMBEIROS VILAGARCÍA





Xefe de parque	1	21	15.736,00 €	C1	35.588,40 €	LF	
Xefe de quenda	6	18	17.617,60 €	C2	34.336,98 €	LF	
Bombeiro-Conductor	16	17	15.713,60 €	C2	32.054,84 €	LF	

- (1) Dotación: Nº de postos existentes.
- (2) Nivel de Complemento de destino.
- (3) Importe anual do Complemento específico.
- (4) Forma de provisión do posto de traballo (C: Concurso).
- (5) Grupo retributivo.
- (6) Categoría Profesional (S-I: Secretario/a-Interventor/a, TS: Técnico/a Superior, AD: Administrativo/a)
- (7) Réxime Xurídico (FHN: Funcionario Habilitación Nacional, FC: Funcionario Carreira, PD: Persoal Directivo, LF: Laboral Fixo)
- (8) Escala (AX: Admón. Xeral, AE: Admón. Especial, HN: Habilitación Nacional).

A modificación proposta da estrutura organizativa da Relación de Postos de Traballo, coa creación de postos de traballo orientados a redimensionar o organigrama do persoal operativo, efectúase en base as seguintes consideracións:

- Optimización dos recursos para dispoñer sempre das dotacións mínimas por quenda, previstas no artigo 10 do I CONVENIO COLECTIVO PARA O PERSOAL LABORAL OPERATIVO DOS PARQUES DE BOMBEIROS, que permiten manter os parques operativos, en aras a acadara unha maior eficacia e eficiencia en cada parque.

- Tomando as puntuación de valoración e o catálogo de postos de traballo coas funcións e tarefas de cada un deles, elaborada pola empresa NUEVOS TIEMPOS CONSULTORES, S.L., aprobada definitivamente, conxuntamente coa RPT, polo Pleno deste Consorcio en sesión de data 13 de xuño de 2025.

- En base ao artigo 25 do I Convenio colectivo para o persoal laboral operativo dos parques de bombeiros, o artigo 21 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os artigos 93 e 130 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e os artigos 2 e ss do Real Decreto 861/86, do 25 de abril, as contías das retribucións do persoal do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento será a que fixe a Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

- Conforme ao establecido no artigo 19.7 da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogada ata a actualidade, o límite ao incremento das retribucións, debe entenderse sen prexuízo das adecuacións retributivas que, con carácter singular e excepcional, resulten imprescindibles polo contido dos postos de traballo, pola variación do número de





efectivos asignados a cada programa ou polo grao de consecución dos obxectivos fixados ó mesmo; puntualizando, así mesmo, o artigo 154 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, que os límites ao incremento das retribucións ou gastos de persoal que fixe a lei de orzamentos xerais do Estado entenderase sen prexuízo das ampliacións do cadro de persoal derivadas das necesidades da ampliación do servizo (artigo 126.3.a).

- Ao non dispor do proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2026, mantéñense as contías dos diferentes conceptos retributivos do ano 2025, en tanto non se aproben as adaptacións retributivas que se deriven da Lei de Orzamentos Xerais do Estado ou da lexislación que resulte de aplicación.

O presidente D. Luis López Diéguez

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

